

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 4 de agosto de 2017, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

“PUNTO CUARTO.- ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE PSICOMOTRICIDADE EDUCATIVA E PREVENTIVA DO CONCELLO DE AMES TRAMITADO POR PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONÓMICA MÁIS VANTAXOSA VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.-

O señor alcalde informa á Xunta de Goberno Local da lista por orde decrecente (segunda clasificación acordada na sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o día 6 de xullo de 2017, por non acreditar a capacidade para a prestación do servizo o licitador clasificado en primeiro lugar) da puntuación e proposta de adxudicación que formula a mesa de contratación no procedemento aberto do servizo de psicomotricidade educativa e preventiva do Concello de Ames.

O acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar e os demais participantes no procedemento de contratación.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar (despois de proceder a segunda clasificación de ofertas) a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar o servizo de psicomotricidade educativa e preventiva do Concello de Ames.

Visto o que antecede, e a fiscalización de conformidade da Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar o Servizo de Psicomotricidade Educativa e Preventiva á empresa **Fundación de Estudos e Análises CIF G-15597669** nas seguintes condicións:

a) Prezo. A oferta dos licitadores son as seguintes:

Prezo/sesión alumno			3,67 €	
Anualidade	Meses	Nº Sesións-alumno/ano	Prezo/sesión-alumno	CUSTO TOTAL/ANO
2017	outubro/décembro	1468	3,67 €	5.388,02 €
2018	xaneiro /maio e outubro/décembro	3915	3,67 €	14.368,05 €
2019	xaneiro / maio	2447	3,67 €	8.980,03 €

b) IVE. Este contrato atópase exento de IVE, de conformidade co establecido no artigo 20.1.º da Lei 37/1992 do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

Segundo.- Duración do contrato

A duración inicial do contrato será de **DOUS ANOS**, podendo prorrogarse anualmente ata un máximo de **CATRO ANOS**, (incluído período inicial e prórroga) cumprindo así co establecido no artigo 303 do TRLCSP.

A prórroga será obrigatoria para o contratista.

A prestación do servizo será de outubro ata o mes de maio (ambos inclusive).

Terceiro.- Resto de condicións. O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a catro de agosto de 2017, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe
O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria